

RITUAL
PARA OS MINISTERIOS
DO LECTOR E DO ACÓLITO

RITUAL
PARA OS MINISTERIOS
DO LECTOR E DO ACÓLITO

Traducción da Comisión Interdiocesana para a Liturxia en galego.

Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela
1998

C/ Provincia Eclesiástica de Santiago de Compostela.

Prohibida toda reproducción.
Reservados todos los derechos.

SAGRADA CONGREGACIÓN PARA O CULTO DIVINO

Prot. 1500/72

DECRETO

Coa disciplina dos ministerios, instaurada polo Sumo Pontífice Paulo VI por medio da Carta Apostólica "Ministeria quaedam" a modo de Motu Proprio do 15 de agosto de 1972 e coas normas da Carta Apostólica "Ad pascendum" sobre a sagrada orde do Diaconado, tanto transitorio coma permanente, da mesma data, a Sagrada Congregación para o Culto Divino dispuxo os ritos da institución de Lectores e de Acólitos, o de Admisión de candidatos ó diaconado e ó presbiterado e para a promesa de observa-lo celibato.

O Sumo Pontífice Paulo VI coa súa autoridade aprobou estes ritos e ordenou a súa publicación para que se poidan usar en lingua latina desde o primeiro de xaneiro de 1973 e nas linguas vernáculas, cando o establezan as Conferencias Episcopais na súa xurisdicción, contando coa aprobación das versións en linguas populares e a confirmación da Sede Apostólica.

Sen que obste nada en contra.

Na sede da Sagrada Congregación para o Culto Divino no día 3 de decembro de 1972, memoria de S. Francisco Xavier.

Arturo, Card. Tabera
Prefecto

A. Bugnini
+ Arzob. Tit. de Diocleciana
Secretario

PRESENTACIÓN

A misión de Cristo, que chega a nós a través dos Apóstolos, afecta e compromete a tódolos membros do pobo de Deus, non so ós “sucesores” dos Apóstolos. Así o recoñece con toda claridade o Vaticano II: “O Señor Xesús, a quen o Pai santificou e enviou ó mundo (Xn 10, 36) fai partícipe a todo o seu Corpo místico da unción do Espírito Santo co que el foi unxido, pois nel tódolos fieis son feitos sacerdocio santo e rexio, ofrecen sacrificios espirituais a Deus por Xesucristo... Non se dá, por tanto, membro algún que non teña parte na misión de Cristo” (P0 2).

Xesucristo, Sumo e Eterno sacerdote, quixo que o seu único e indivisible sacerdocio fose participado por tódolos membros da Igrexa. Este é o pobo da nova alianza, no que, pola regeneración e a acción do Espírito Santo, os bautizados son consagrados para formar un templo espiritual e un sacerdocio Santo, para ofrecer, mediante tódalas actividades do cristián, sacrificios espirituais e facer coñece-los prodixios de Aquel que das tebras nos chamou á súa luz admirable (cfr. I Re 2, 4-10).

Tódolos membros da Igrexa participan da común dignidade da filiación divina e da chamada á santidad en orde á edificación do Corpo de Cristo; sen embargo, algúns son constituídos, por vontade do Señor, doctores, dispensadores dos misterios, servidores e pastores para os demais dentro dunha Igrexa toda ela ministerial. Por esto, ben sexa a través do sacerdocio común dos fieis, ben sexa por medio do ministerio ordenado ou xerárquico, xa que ambos, aínda que diferentes esencialmente, participan no único ministerio de Cristo que, pola acción do Espírito Santo, unifica á Igrexa na comunión e no servicio e manifestase nos diversos dons sacramentais e carismáticos.

A misión da Igrexa continúa a través dos séculos a mesma misión de Cristo coas mesmas dimensións e características: unha dimensión profética ou da palabra, unha dimensión sacerdotal ou do culto, unha dimensión de caridade e xusticia e unha dimensión de unidade e comunión. Entorno a estas dimensións, concretizadoras da misión de Cristo, nacen e fundaméntanse o que chamámo-las diversas dimensións da misión, que concentran en torno a si diversidade de ministerios. Así está presente na teoloxía do concilio Vaticano II en diferentes momentos: “Hai na Igrexa pluralidade de ministerios, pero unidade de misión” (AA 2) e noutro lugar: “Para apacenta-ló pobo de Deus e acrecentalo sempre, Cristo Señor instituiu na súa Igrexa diversos ministerios, ordenados ó ben de todo o Corpo” (LG 18).

Estes ministerios, uns de carácter sacramental mediante a ordenación sagrada e outros instituídos de forma permanente ou simplemente encargados como servicios transitorios, podemos situalos nas catro dimensións da misión da Igrexa:

- A dimensión da Palabra, que englobaría os ministerios dedicados a evanxelización, á predicación, a ensinanza, á catequese, á información, á testemuña da fe pola vida cristiá.

- A dimensión do culto, ordena en torno a si os ministerios litúrxicos que van desde a presidencia da Eucaristía ás diversas funcións como acollida, canto, servizo do altar, lecturas, etc.
- A dimensión da caridade, estarían aquí todos aqueles ministerios que din relación á hospitalidade, á acollida, á comunicación de bens, á asistencia social, á promoción humana integral, etc.
- A dimensión da comunión, engloba os ministerios de animación e dirección de comunidades e grupos, e as funcións daqueles que exercen responsabilidades directivas en ausencia do ministerio ordenado.

O afirmado anteriormente permítenos chegar á conclusión de que a Igrexa é toda ela ministerial e, polo tanto, a diversidade de ministerios, pertence ó ser mesmo da Igrexa. Isto quere dicir que os ministerios non son secundarios na Igrexa senón parte esencial da mesma que debe aparecer estruturada visiblemente nesa pluralidade ministerial querida polo Señor.

Un primeiro paso, en si moi importante e necesario, neste camiño de aplicación da eclesioloxía do Vaticano II ás estruturas da Igrexa, constitúeno as dúas Cartas Apostólicas que o Papa Paulo VI, con data do 15 de Agosto de 1973, publicou sobre a disciplina vixente na Igrexa latina referente á tonsura, ás ordes menores e ó subdiaconado, pola que desaparecen a tonsura e o subdiaconado xunto co ostiarado e o exorcitado. Por outra parte redimensiónanse na súa dimensión laical os ministerios de Lector e Acólito deixando de ser clericais. Como dicimos trátase dun primeiro paso, que a Carta Apostólica deixa aberto para que as Conferencias Episcopais poidan pedir á Sé Apostólica a institución doutros ministerios que coiden necesarios para a propia rexión.

A Conferencia Episcopal Española, na XX Xuntanza Plenaria do 17-22 de xuño de 1994, publicou unhas Determinacións sobre os novos ministerios sagrados e a orde do Diaconado. Neste documento plantéxase o tema dos ministerios de Lector e Acólito non coma ministerios referidos os militantes seculares, senón sobre o valor espiritual e pastoral para os candidatos o presbiterado, de modo que a súa recepción lles axude a prepararse axeitadamente para o ministerio sacerdotal para o que están chamados polo Señor.

Nesta mesma liña sitúase este Ritual para a institución de Lectores e Acólitos que os Bispos de Galicia propoñemos á nosa Igrexa. É un paso máis para a normalización da lingua galega en tódolos eidos da liturxía, pero quixeramos que fora algo máis: a revalorización do sentido ministerial de todo o pobo de Deus e un fito na renovación espiritual dos fieis que exercen, de feito, estes ministerios nas nosas comunidades, e un forte pulo na ilusión daqueles que os reciben para, un día máis adiante, acceder ó ministerio ordenado.

Tanto na devandita Carta Apostólica coma nas Determinacións da Conferencia Episcopal Española quedan delineadas as funcións, talante espiritual e pastoral daqueles que reciban estes ministerios.

A Palabra de Deus e o servizo do altar, especialmente do sacramento da Eucaristía, sitúan estes ministerios no corazón mesmo da Igrexa. Desexamos que aqueles que os exerzan

o fagan mirando a Cristo, o noso Señor, que se fixo servidor de todos, e coa forza do Espírito Santo que é quen suscita os diversos carismas e ministerios para o servicio do Reino.

Os Bispos de Galicia

**I. CARTA APOSTÓLICA Á MANEIRA DE MOTU PROPRIO
POLA QUE SE REFORMA NA IGREXA LATINA A DISCIPLINA REFERENTE
Á PRIMEIRA TONSURA, ÁS ORDES MENORES E Ó SUBDIACONADO.**

PAULO PP. VI

A Igrexa instituíu xa en tempos moi antigos algúns ministerios para dar axeitadamente a Deus o culto sagrado e para o servizo do Pobo de Deus, segundo as súas necesidades; con eles encomendábanse ós fieis as funcións litúrxico-relixiosas e de caridade, de acordo coas distintas circunstancias. Estes ministerios conferíanse moitas veces cun rito especial polo que o fiel, unha vez acadada a bendición de Deus, quedaba constituído dentro dunha clase ou grao para exercer unha determinada función eclesiástica.

Algúns destes ministerios, máis estreitamente vinculados coas accións litúrxicas, pouco a pouco foron tidos coma institucións previas á recepción das Ordes sagradas; tanto é así que o ostiado, lectorado, exorcistado e acolitado chegaron a recibir na Igrexa Latina o título de Ordes menores con relación ó subdiaconado, diaconado e presbiterado, que foron nomeadas Ordes maiores e reservadas xeralmente, aínda que nin en tódalas partes, a quen por elas se achegaba ó sacerdocio.

Mais como as Ordes menores non sempre foron as mesmas e moitas das funcións anexas a elas, igual que acontece agora, foron exercidas na realidade tamén por leigos, parece conveniente revisar esta práctica e axeitala ás necesidades presentes, coa finalidade de suprimir aquilo que neses ministerios xa resulta anacrónico, manter o que aínda é útil, introducir o que sexa preciso e, así mesmo, establece-lo que se deba esixir ós candidatos á Orde sagrada.

Durante a preparación do Concilio Euménico Vaticano II, non poucos Pastores da Igrexa pediron a revisión das Ordes menores e do Subdiaconado. O Concilio, sen embargo, aínda que non establece nada sobre isto para a Igrexa Latina, anunciou algúns principios que abriron o camiño para clarexala cuestión, e non hai dúbida de que as normas conciliares para unha renovación xeral e ordenada da Liturxia¹ abranguen tamén o que se refire ós ministerios dentro da asemblea litúrxica, de maneira que, pola mesma estrutura da celebración, se mostre a Igrexa constituída nas súas diversas Ordes e ministerios². De aí que o Concilio Vaticano II establecese que *nas celebracións litúrxicas cadaquén, ministro ou simple fiel, ó exerce-lo seu oficio, faga todo e só aquilo que lle corresponde pola natureza da acción e polas normas litúrxicas*³.

Con este principio artéllase estreitamente o que se le pouco antes na mesma Constitución: *A Santa Nai Igrexa desexa vivamente que se leve a tódolos fieis a aquela participación plena, consciente e activa nas celebracións litúrxicas que esixe a natureza da*

¹ Cf. Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, núm. 62; cf. tamén núm. 21.

² Cf. Ordo Missae, *Institutio Generalis Missalis Romani*, núm. 58.

³ Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, núm. 58.

mesma Liturxia, e á que ten dereito e obriga, en virtude do Bautismo, o pobo cristián, liñaxe escolleita, sacerdocio real, nación santa, pobo adquirido" (1 Pedr 2,9; cf. 2,4-5). Ó renovar e fomenta-la sagrada Liturxia hai que decatarse ben desta plena e activa participación de todo o pobo, porque é a fonte primeira e necesaria na que han de bebe-los fieis o espírito verdadeiramente cristián e, polo menos, os pastores das almas deben tender a ela con dilixencia en todo o seu traballo pastoral por medio dunha educación axeitada⁴.

Na conservación e adaptación dos oficios peculiares ás necesidades presentes encóntranse aqueles elementos que din relación máis estreita cos ministerios, sobre todo da palabra e do altar, chamados na Igrexa Latina lectorado, acolitado e subdiaconado; é conveniente conservalos e acomodalos, de tal xeito que no futuro haxa dous ministerios, a saber: o de *lector* e o de *acólito*, que abranguen as funcións que lle pertencían ó subdiaconado.

Ademais dos ministerios comúns a toda a Igrexa Latina, nada empece que as Conferencias Episcopais pidan a Sede Apostólica a institución doutros que por razóns particulares coiden necesarios ou moi convenientes para a propia rexión. Entre estes están, por exemplo, o oficio de *ostiario*, de *exorcista* e de *catequista*⁵, e outros que se confíen a quen traballa nas obras de caridade, cando esta función non estea encomendada ós diáconos.

Está máis de acordo coa realidade e coa mentalidade actual que estes ministerios non se chamen xa Ordes menores; que a súa mesma colocación non se diga "ordenación", senón "institución", e ademais que sexan mesmamente clérigos, e tidos como tales, só os que recibiron o diaconado. Desta maneira aparecerá tamén mellor a diferenza entre clérigos e leigos, entre o que é propio e está reservado ós clérigos e o que pode confiarse ós leigos cristiáns; da mesma maneira verase máis nidiamente a mutua relación, en virtude da que *o sacerdocio común dos fieis e o sacerdocio ministerial ou xerárquico, aínda que diferentes esencialmente e non só no grao, sen embargo ordenase un ó outro, pois ámbolos dous participan á súa maneira do único sacerdocio de Cristo*⁶.

Polo tanto, despois dunha madura reflexión, pedido o voto dos peritos, consultadas as Conferencias Episcopais e tendo en conta os seus sentires e, así mesmo, despois de ter deliberado cos nosos venerables Irmáns que son membros das Sagradas Congregacións competentes, coa nosa Autoridade Apostólica establecémo-las seguintes normas, derogando, se é preciso e en canto o sexa, as prescricións do Código de Dereito Canónico ata o de agora vixente e as promulgadas con esta Carta.

I. No futuro non se conferirá xa a primeira tonsura. A incorporación ó estado clerical queda vinculada ó diaconado.

II. As que ata o de agora se coñecían co nome de "Ordes menores", no futuro chamaranse "Ministerios".

⁴ *Ibíd.*, núm. 14.

⁵ Cf. Decr. *Ad gentes*, núm. 15 e 17.

⁶ Const. *Lumen Gentium*, núm. 10.

III. Os ministerios poden ser confiados a leigos, de tal xeito que non se consideran como algo reservado ós candidatos ó sacramento da Orde.

IV. Os ministerios que han de ser conservados en toda a Igrexa Latina, axeitándoos ás necesidades presentes, serán dous, ou sexa: o de *lector* e o de *acólito*. As funcións exercidas ata o de agora polo subdiácono quedan confiadas ó lector e ó acólito; polo tanto, deixa de existir, na Igrexa Latina, a Orde maior do subdiaconado. Isto non se opón, sen embargo, a que nalgúns lugares, a xuízo das Conferencias Episcopais, o acólito poida ser nomeado tamén subdiácono.

V. O Lector queda instituído para a función que lle é propia, a de le-la palabra de Deus na asemblea litúrxica. Polo tanto pregoará as lecturas da sagrada Escritura, mais non o Evanxeo, tanto na Misa coma nas outras celebracións sagradas; cando falte o salmista, recitará o salmo interleccional; pregoará as intencións da oración universal dos fieis, cando non haxa diácono ou cantor; dirixirá o canto e a participación do pobo fiel; preparará os fieis para que reciban con dignidade os Sacramentos. Tamén poderá -cando sexa preciso- encargarse da preparación doutros fieis ós que se lles encomenda de momento as lecturas da sagrada Escritura nos actos litúrxicos. Para facer mellor e coa maior perfección estas funcións, medite a cotío a sagrada Escritura.

O Lector, consciente da responsabilidade que ten, procure con esforzo e poña os medios aceptados para conseguir cada día máis plenamente o suave e vivo amor⁷, así coma o coñecemento da sagrada Escritura, para chegar a ser máis perfecto discípulo do Señor.

VI. O Acólito queda instituído para axudarlle ó diácono e prestarlle o seu servizo ó sacerdote. Seralle propio coida-lo servizo do altar, asisti-lo diácono e o sacerdote nas funcións litúrxicas, principalmente na celebración da Misa; distribuír, como membro extraordinario, a sagrada Comunión cando fallan os ministros dos que fala o can. 845 do C.I.C., ou están impedidos por doenzas, moita idade ou polo seu ministerio pastoral, ou tamén cando o número dos fieis que se achega á sagrada Mesa é tan grande que alongaría a Misa en demasía. Nas mesmas circunstancias especiais poderáselle encomendar que expoña publicamente á adoración dos fieis o Sacramento da sagrada Eucaristía e faga despois a reserva; pero que non bendiga o pobo. Así mesmo poderá -cando sexa preciso- coidar da instrución dos demais fieis, que por encargo temporal axudan ó sacerdote ou ó diácono nos actos litúrxicos levando o misal, a cruz, as candeas, etc., ou facendo outras funcións semellantes. Todas estas funcións exerceranas coa meirande dignidade participando coa piedade máis ardente na sagrada Eucaristía, alimentándose dela e acadando un máis fondo coñecemento da mesma.

O Acólito, destinado de maneira especial ó servizo do altar, aprenda todo aquilo que pertence ó culto público divino e trate de colle-lo seu sentido íntimo e espiritual, de maneira que se ofrezca cada día a si mesmo a Deus, sendo para todos un exemplo de seriedade e devoción no templo sagrado e, ademais, con sincero amor, se sinta preto do Corpo Místico de Cristo ou Pobo de Deus, sobre todo, dos necesitados e enfermos.

VII. A institución do lector e do acólito, seguindo a venerable tradición da Igrexa, resérvase para os varóns.

⁷ Cf. Const. sobre a Sagrada Liturxia, *Sacrosanctum Concilium*, núm. 24. Const. Dogm. *Dei Verbum*, núm. 25.

VIII. Para que alguén poida ser admitido a estes ministerios, esíxese:

a) Solicitude escrita e asinada con plena liberdade polo aspirante, que ha de presentarse ó Ordinario (ó Bispo e, nos Institutos clericais de perfección, ó Superior maior) a quen lle corresponde a aceptación.

b) Idade conveniente e cualidades especiais, que han de ser determinadas pola Conferencia Episcopal.

c) Firme vontade de servir con fidelidade a Deus e o pobo cristián.

IX. Os ministerios serán conferidos polo Ordinario (o Bispo, e nos Institutos clericais de perfección, o Superior maior) mediante o rito litúrxico "De Institutione lectoris" e "De Institutione acolyti", aprobado pola Sede Apostólica.

X. Deben gardarse os intersticios determinados pola Santa Sé ou polas Conferencias Episcopais, entre a colación dos ministerios do lectorado e do acolitado, cando ás mesmas persoas se lles confire máis de un ministerio.

XI. Os candidatos ó diaconado e ó sacerdocio deben recibir, se non os recibiron xa, os ministerios de lector e acólito e exercelos por un tempo conveniente para prepararse mellor ós futuros servicios da palabra e do altar. Para estes mesmos candidatos, a dispensa de recibilos ministerios queda reservada a Santa Sé.

XII. A colación dos ministerios non dá dereito para que sexa concedida unha sustentación ou soldada por parte da Igrexa.

XIII. O rito da institución de lector e de acólito será publicado axiña polo dicasterio competente da Curia Romana.

Estas normas comezan a ser válidas a partir do día primeiro de xaneiro de 1973.

Mandamos que todo canto temos decretado coa presente Carta, á maneira de "Motu Proprio", teña plena valía e eficacia, non obstante calquera disposición en contra.

Dado en Roma, preto de San Pedro, o 15 de agosto, na festa da Asunción da Benaventurada Virxe María, do ano 1972, décimo do noso Pontificado.

PAULO PP.VI

II. CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA

DETERMINACIONES

SOBRE OS NOVOS MINISTERIOS SAGRADOS

E A ORDE DO DIACONADO

INTRODUCCIÓN

Con data 15 de agosto de 1972, S.S. Paulo VI asinou dúas Cartas Apostólicas que entraron en vigor a primeiros de xaneiro de 1973.

A primeira delas renova na Igrexa Latina a disciplina referente á Primeira Tonsura, ás Ordes Menores e ó Subdiaconado.

En ámbalas dúas introdúcense variacións en comparanza coa disciplina anterior e pídese que as Conferencias Episcopais tomen algunhas determinacións.

A Conferencia Episcopal Española quere agora expoñer, para coñecemento de tódolos fieis, o contido das devanditas Cartas Apostólicas e ó mesmo tempo facer públicas as determinacións tomadas pola Conferencia naqueles puntos que as Cartas deixan á súa vontade e que afectan directamente a quen se prepara para o sacerdocio.

A presente nota non di referencia, polo tanto, nin ós militantes seculares que non desexan o presbiterado e ós que, sen embargo, se lles poden conferi-los ministerios nin ós diáconos permanentes. Estes dous temas serán, no seu día, obxecto dun tratamento especial.

A Conferencia Episcopal Española chama a atención de todos sobre o gran valor espiritual e pastoral que estas novas normas encerran en canto a que os candidatos ó presbiterado vaian achegándose ó sacerdocio tomando pouco a pouco conciencia e responsabilidade da misión e das esixencias que este leva consigo. Neste senso, esperamos de todos que, deixando a friaxe do formalismo, traballen con seriedade por crear arredor destes ministerios un clima de ilusión espiritual e de efectividade pastoral que axude ós candidatos a prepararse a eles axeitadamente, a vivilos e exercitalos con celo apostólico, mentres van camiñando e achegándose ó ministerio sacerdotal para o que están chamados polo Señor.

I

O CONTIDO DAS CARTAS APOSTÓLICAS

Segundo as Cartas, son varias as razóns polas que se revisaron a primeira tonsura, as ordes menores e o subdiaconado. Entre elas, sinálanse as seguintes: as ordes menores non sempre foron as mesmas; os leigos tamén as exerceron noutros tempos; é preciso suprimi-lo que xa non ten uso, conserva-lo que é útil e introduci-lo que hoxe se precisa.

Novas disposicións.

1ª No futuro xa non se conferirán a primeira tonsura nin o subdiaconado.

- 2ª A incorporación ó estado clerical, a incardinación e a obriga do sagrado celibato e do rezo da Liturxia das Horas quedan vinculadas no futuro ó diaconado transitorio.
- 3ª Establécese un novo rito: o de admisión como candidato ó diaconado e presbiterado.
- 4ª En vez das ordes menores haberá e nomearanse, no futuro, ministerios. Estes serán dous: lector e acólito.
- 5ª Estes ministerios serán conferidos polo ordinario (polo Bispo e, nos Institutos clericais de perfección, polo Superior maior).

Sentido destes ritos e ministerios.

1. Admisión como candidato ó diaconado e presbiterado.

O candidato manifesta publicamente a súa vontade de ofrecerse a Deus e á Igrexa para exercer-la Orde sagrada.

A Igrexa, cando recibe este ofrecemento, elixe o candidato e chámalo para que se prepare á Orde sagrada, e, ó mesmo tempo, comprométese a darlle as axudas espirituais precisas para poder cultiva-la súa vocación e segui-la vontade de Deus sen condicións.

Por este rito o aspirante é admitido como candidato ó diaconado e presbiterado e comprométese a atende-la súa propia vocación e o desenvolvemento da mesma.

2. Os ministerios de lector e acólito.

A Igrexa considera moi conveniente que os candidatos ás Ordes sagradas, tanto polo estudio coma polo exercicio gradual do ministerio da palabra e do altar, coñezan e mediten a través dun íntimo e constante contacto esta dobre vertente da función sacerdotal. Desta maneira os candidatos poderán achegarse ás sagradas Ordes plenamente conscientes e convencidos da súa vocación.

Contido dos Ministerios.

1. O lector (ministerio da palabra).

Le-la palabra de Deus na asemblea litúrxica, agás do Evanxeo.

Dirixi-lo canto e a participación do pobo.

Instruí-los fieis para que reciban con dignidade os sacramentos.

Preparar a tódolos fieis que teñan que face-las lecturas da sagrada Escritura de vez en cando nos actos litúrxicos.

Cando falla o salmista, recita-lo salmo interleccional.

Cando falla o diácono ou o cantor, pregoa-las intencións da oración universal.

2. O acólito (ministerio do altar).

Axudar ó diácono e servi-lo sacerdote nas funcións litúrxicas, principalmente na santa Misa.

Instruí-los fieis para que poidan axudar ó sacerdote ou ó diácono nos actos litúrxicos.

Como ministro extraordinario, distribuí-la Eucaristía nas seguintes ocasións:

- a) cando falla o ministro ordinario (presbítero ou diácono) por imposibilidade, enfermidade ou idade avanzada;
- b) cando é moi grande o numero dos fieis.

Poderá expoñe-lo Santísimo Sacramento, reservalo, agás da bendición co mesmo, cando se dean circunstancias especiais segundo as normas da Conferencia Episcopal.

Esixencias de vida cristiá nestes ministros.

1. O lector.

Aspiración constante á perfección cristiá, propia dun verdadeiro discípulo do Señor.
Meditación asidua da sagrada Escritura para coñecela mellor.

2. O acólito.

Ofrecerse tódolos días a Deus, sendo exemplo de seriedade e devoción no templo.
Estar preto do pobo de Deus e ser caritativo dun xeito especial cos necesitados e enfermos.
Aprender e penetra-lo sentido íntimo e espiritual de todo o que pertence ó culto divino.

Requisitos.

1. Para ser admitido como candidato ó diaconado e ó presbiterado:

Libre petición do aspirante, escrita da propia man e asinada.
Aceptación, tamén escrita, do competente superior eclesiástico, en virtude da cal ten lugar a elección por parte da Igrexa.
Ter dado mostras de verdadeira vocación ás Ordes sagradas.
Bos costumes.
Estar libre de chatas psíquicas e físicas.
Vontade de adica-la propia vida ó servicio da Igrexa, para gloria de Deus e ben das almas.
Ter cumpridos vinte anos.
Ter comezados os estudos teolóxicos.

2. Para recibi-los ministerios do lectorado e acolitado:

Petición escrita con liberdade e asinada polo aspirante.
Aceptación da mesma polo Ordinario (polo Bispo e, nos Institutos clericais de perfección, polo Superior maior).
Vontade firme de servir a Deus e o pobo cristián.

Tódolos escollidos como candidatos ó diaconado e presbiterado, antes de chegaren ás sagradas Ordes, han de recibir estes ministerios, a non ser que os tivesen recibido antes na condición de seglares cristiáns.

Os ministerios teñen que ser recibidos durante os estudos teolóxicos.

Te-la idade conveniente (a determinar pola Conferencia Episcopal).

Posuí-los dotes peculiares (a determinar pola Conferencia Episcopal).

A dispensa da recepción destes ministerios está reservada á Santa Sé.

Precisións sobre a ordenación do diácono.

1ª. O aspirante ha declarar por escrito da súa mesma man e asinado que pide a ordenación sagrada espontánea e libremente.

2ª. Cun rito especial que ha precede-la Ordenación, o ordenando ten que comprometerse publicamente a acepta-la obriga do sagrado celibato. O celibato, así asumido, constitúe impedimento dirimente para contraer matrimonio.

3ª. Os aspirantes, antes da ordenación, han ter rematados os estudos teolóxicos, tal como está determinado polas normas da Santa Sede.

Casos especiais.

1º Os tonsurados antes do 1 de xaneiro de 1973 conservan tódolos deberes, dereitos e privilexios dos clérigos.

2º Os que antes desta data recibiran o subdiaconado están obrigados ó celibato, e tamén ó rezo da Liturxia das Horas, por tratarse de obrigas xa asumidas.

3º Estes subdiáconos, antes de seren ordenados diáconos, farán de novo a pública aceptación de garda-lo sagrado celibato ante Deus e ante a Igrexa co rito antes sinalado.

4º O rito de admisión de candidatos ó diaconado e presbiterado non obriga os profesos dos Institutos relixiosos clericais que se preparan para o sacerdocio.

II

DETERMINACIÓNS DA CONFERENCIA EPISCOPAL ESPAÑOLA

As Cartas Apostólicas, das que acabamos de expoñe-lo sentido fundamental, encomendan ó recto xuízo e á prudencia pastoral das Conferencias Episcopais a determinación dalgúns puntos no que toca á realización práctica das novas disposicións. Entre eles, pódense sinala-los seguintes: a idade conveniente para recibi-los ministerios de lector e acólito, os dotes persoais que han te-los candidatos e os intersticios que deben mediar entre ámbolos ministerios e entre o acolitado e o diaconado.

Estudiada atentamente a importancia pastoral e espiritual das ditas determinacións e vista a necesidade de que as mesmas esclarezan con unidade e eficacia a nova situación que as

devanditas Cartas Apostólicas crean na progresiva formación dos aspirantes ó sacerdocio, a Conferencia Episcopal Española, na súa XX Xuntanza Plenaria, tomou o seguintes acordos:

1º A Comisión Episcopal de Seminarios e Universidades elaborará e difundirá dúas catequeses: unha sobre o rito e o sentido da admisión de candidatos ó diaconado e presbiterado, e outra sobre os ministerios de lector e acólito.

2º A admisión de candidatos ó diaconado e presbiterado terá que celebrarse, de ordinario, durante o primeiro curso de teoloxía, alí onde os estudos teolóxicos se dan separados dos filosóficos, e durante o terceiro curso dos estudos teolóxicos, alí onde a Filosofía e a Teoloxía se cursan nun mesmo ciclo.

3º O ministerio de lector, supostas as outras condicións, concederase, de ordinario, a partir do primeiro curso dos estudos teolóxicos, cando estes estean separados dos filosóficos, e a partir do terceiro curso, cando os estudos se dean xuntamente.

4º O ministerio de acólito, supostas as outras condicións, concederase, de ordinario, a partir do segundo curso dos estudos teolóxicos, alí onde estes se dean separados dos filosóficos, e a partir do cuarto curso dos estudos eclesiásticos, alí onde os estudos filosóficos e os teolóxicos se dean nun só ciclo.

5º Os aspirantes, antes da colación dos ministerios, ademais de posuíren o grao de ciencia que lles corresponde, deberán ter dado mostras abondo, a xuízo do superior eclesiástico, de conveniente e probada madurez humana, espiritual e apostólica e dunha verdadeira vocación e firme vontade de recibiren no seu día o diaconado e o presbiterado.

6º Os intersticios que terán que mediar entre ámbolos dous ministerios e entre o acolitado e o diaconado serán fixados a xuízo do respectivo Ordinario.

Remate.

A Conferencia Episcopal Española desexa vivamente que a fidelidade no cumprimento destas determinacións e a visión da finalidade espiritual e pastoral das mesmas por parte de quen cumpre na Igrexa unha misión educativa entre os que se preparan para o sacerdocio contribúan de maneira eficaz a espartaren nos Seminarios e centros análogos dos relixiosos o espírito de renovación que alenta estas Cartas Apostólicas que presentamos.

(Este documento foi aprobado pola XX Xuntanza Plenaria.
Madrid, 17-22 de xuño de 1974).

III. RITO PARA INSTITUÍR LECTORES

Observacións

1. Os lectores son constituídos polo Bispo ou polo Superior maior dun Instituto relixioso clerical, ben dentro da Misa, ben fóra dela, nunha celebración da palabra de Deus.
2. As lecturas han de collerse, todas ou en parte, da Liturxia do día ou das que se propoñen no apéndice.

Rito da institución

3. Lido o Evanxeo, o Bispo senta na sede e pon a mitra. Un diácono ou un presbítero delegado para o caso, chama polos candidatos, dicindo:

Achéguense os que van ser constituídos no ministerio de lectores.

Os candidatos son chamados polo seu nome. Cada un responde:

Aquí estou.

E achéganse ó Bispo, a quen lle fan unha reverencia.

4. Sentan todos e o Bispo fai a homilía, que pode rematar con estas ou semellantes palabras, dirixíndose ós candidatos:

Benqueridos fillos:

Deus, noso Pai, revelou e levou a cabo o seu designio de salva-lo mundo por medio do seu Fillo feito home, Xesucristo. El, despois de comunicarnos todo o que o Pai lle dera a coñecer, confioulle á súa Igrexa esta misión de predica-lo Evanxeo a tódolos homes.

Vosoutros, como lectores que pregoan a palabra de Deus, ides prestar unha valiosa axuda nesta misión confiada á Igrexa. Polo tanto, váisevos encomendar un oficio especial ó servizo da fe, que ten a súa raíz e fundamento na palabra de Deus.

A vosa misión será pregoa-la palabra de Deus nas celebracións litúrxicas, e desta maneira educar na fe os nenos e mailos adultos, preparamos para recibir con dignidade os sacramentos, e anuncia-la boa nova da salvación ós homes que aínda non a coñecen.

Deste xeito, polo voso ministerio, todos poderán chegar a coñecer a Deus Pai e a Xesucristo, o seu enviado, e acada-la vida eterna.

Cando pregoéde-la palabra de Deus ós outros, non esquezades, dóciles ó Espírito Santo, escoitala vós mesmos e retela nos vosos corazóns, para que cada día medre máis

en vós un doce e vivo afecto pola palabra de Deus. Que a vosa mesma vida sexa manifestación de Xesucristo, o noso Salvador.

5. Rematada a homilía, érguense todos. O Bispo, sen mitra, convida ós fieis para que oren, dicindo:

Roguemos, benqueridos irmáns, a Deus Pai
que bendiga estes seus servidores,
designados para o oficio de lectores.
Que, cumprindo con fidelidade o ministerio que se lles confía,
pregoen a Xesucristo ante os homes,
e dean así gloria ó Pai que está no ceo.

E todos oran en silencio durante un pouco tempo.

6. Despois o bispo segue:

Deus, fonte de toda luz e orixe de toda bondade,
Ti mandáchesno-lo teu Fillo único, Palabra de vida,
para que lles revelase ós homes
o misterio escondido do teu amor;
bendice + estes nosos irmáns,
elixidos para o ministerio de lectores:
concédelles que, ó meditare decote a túa palabra,
se sintan penetrados e renovados por ela,
e saiban pregoala ós seus irmáns
con toda fidelidade.
Por Cristo, noso Señor.

Todos: Amén.

7. Cada un dos candidatos achégase ó Bispo, quen lle entrega o libro da sagrada Escritura, dicindo:

Recibe o libro da sagrada Escritura
e transmite con fidelidade a palabra de Deus,
para que sexa cada día máis viva e eficaz no corazón dos homes.

O lector responde:

Amén.

Entrementres, sobre todo se son moitos os candidatos, pode cantarse o salmo 18 ou outro canto axeitado.

8. Se a institución de lectores se celebra dentro da Misa, esta continúa coma de costume. Mais se a institución de lectores se fixo nunha celebración da palabra, o Bispo bendice o pobo e despídeo da maneira ordinaria.

IV. RITO PARA INSTITUÍR ACÓLITOS

Observacións

1. Os acólitos son constituídos polo Bispo, ou polo Superior maior dun Instituto relixioso clerical, dentro da Misa.
2. As lecturas han de colleerse, todas ou en parte, da Liturxia do día, ou das que se propoñen no apéndice.

Rito da institución

3. Lido o Evanxeo, o Bispo senta na sede e pon a mitra. Un diácono, ou un presbítero delegado para o caso, chama polos candidatos, dicindo:

Achéguense os que van ser constituídos no ministerio de acólitos.

Os candidatos son chamados polo seu nome. Cada un responde:

Aquí estou.

E achéganse ó Bispo, a quen lle fan unha reverencia.

4. Sentan todos, e o Bispo fai a homilía, que pode rematar con estas ou semellantes palabras, dirixíndose ós candidatos:

Benqueridos fillos:

Ó serdes escollidos para o ministerio de acólitos, ides participar dunha maneira especial nas celebracións litúrxicas da Igrexa, que ten o cumio e fonte da súa vida na Eucaristía pola que se constrúe e medra o pobo de Deus.

A vós é a quen se confía a misión de axudar ós presbíteros e diáconos no seu ministerio e de distribuír, coma ministros extraordinarios, a sagrada Comunión ós fieis, e mesmo levala ós enfermos. Pola vosa dedicación especial ó ministerio eucarístico, tendes que vivir máis afervoadamente do sacrificio do Señor e tentar identificarvos máis plenamente con El. Tratade, pois, de ir entendendo o senso íntimo e espiritual das accións que facedes, de tal xeito que cada día vos ofrezades vós mesmos ó Señor, como sacrificio espiritual que Deus acepta por Xesucristo.

Tende presente no voso ministerio que, da mesma maneira que participades dun mesmo pan cos vosos irmáns, tamén formades con eles un só corpo. Amade, pois, con amor verdadeiro este Corpo místico de Cristo, é dicir, o pobo de Deus, e amádeo sobre todo nos seus membros necesitados e enfermos. Así levaredes á práctica aquel

mandamento que o Señor lles deu ós seus Apóstolos na última cea: "Amádevos como eu vos ameí".

5. Rematada a homilía, érguense todos. O Bispo, sen mitra, convida os fieis para que oren, dicindo:

Benqueridos irmáns:
O Señor escolleu estes seus fillos para o ministerio de acólitos.
Roguemos que se digne bendicilos e lles dea forza
para que se manteñan con fidelidade no servizo da Igrexa.

E todos oran en silencio brevemente.

6. Despois o Bispo segue:

Pai misericordioso,
que polo teu Fillo único
lle deches á Igrexa o pan da vida.
Bendice + estes nosos irmáns,
elixidos para o ministerio de acólitos;
que a túa gracia, Señor,
os faga constantes no servizo do altar,
para que, distribuíndo con fidelidade
o pan de vida ós seus irmáns
e crecendo sempre na fe e na caridade,
contribúan á construción da túa Igrexa.
Por Cristo, noso Señor.

Todos: Amén.

7. Cada un dos candidatos achégase ó Bispo, que lle entrega a patena con pan ou o cáliz co viño, dicindo:

Recibe esta patena co pan
(ou: este cáliz cheo de viño)
para a celebración da Eucaristía,
e vive de tal maneira
que sexas digno de servir
á mesa do Señor e da Igrexa.

O acólito responde:

Amén.

8. Os acólitos ou, se son moitos, algún deles, na preparación dos dons presentan as patenas co pan e o cáliz co viño.

9. Os acólitos reciben a Comunión despois dos diáconos.
10. O Bispo pode mandar a un acólito, que foi feito ministro extraordinario da Eucaristía, que lle axude na Misa da institución a distribuí-la sagrada Comunión ós fieis.

V. LECTURAS BÍBLICAS PARA CONFERIR MINISTERIOS.

1. NA INSTITUCIÓN DE LECTORES

Lecturas do Antigo Testamento

1. Dt 6, 3-9
As palabras estas quedarán gravadas no teu corazón

LECTURA DO LIBRO DO DEUTERONOMIO

Faloulle Moisés ó pobo e díxolle:

- Escoita, Israel, e ten coidado de obedecer para que sexas feliz e que te multipliques moito, pois tal como cho falou o Señor, Deus dos teus pais, aquela é unha terra que deita leite e mel.

Escoita, Israel: O Señor, o noso Deus, é o único Señor. Amara-lo señor, o teu Deus, con todo o teu corazón, con toda a túa alma e con toda a túa forza.

As palabras estas, que eu che prescribo hoxe, quedarán gravadas no teu corazón. Inculcaráslles as ós teus fillos e falarás delas estando na casa e indo polos camiños, estando deitado e estando de pé; ataralas como un signo á túa man e serán coma algo que pendura diante dos teus ollos, e escribiralas nas xambas da túa casa e nas túas portas.

2. Dt 30, 10-14
A palabra está cerca de ti, para a cumprires

LECTURA DO LIBRO DO DEUTERONOMIO

Faloulle Moisés ó pobo e díxolle:

- Escoita a voz do Señor, teu Deus, gardando os seus mandamentos e os seus preceptos, o escrito no libro desta lei.

Convértete ó Señor, teu Deus, con todo o teu corazón e con toda a túa alma.

Esta lei, que eu che prescribo hoxe, non está posta por enriba de ti nin tampouco lonxe de ti. Non está enriba, no ceo, para poderes dicir: ¿Quen subirá por nós ata o ceo e nola collerá e nola fará escoitar para que nós a cumpramos? Tampouco está lonxe, da outra banda do mar, para poderes dicir:

¿Quen cruzará por nós ó outro lado do mar e nola collerá e nola fará escoitar para que nós a cumpramos? Ó contrario, a palabra está moi cerca de ti, na túa boca e no teu corazón, para a cumprires.

3. Neh 8, 2-4a. 5-6. 8-10

Os levitas lían o libro da Lei e explicaban o que lían

LECTURA DO LIBRO DE NEHEMÍAS

Naqueles días, o sacerdote Esdras trouxo o libro da Lei diante da asemblea de homes e mulleres e de tódolos que eran capaces de pensar. Era o primeiro día do sétimo mes.

Na praza que está diante da porta das Augas, el leu no libro en voz alta, desde o amañecer ata o mediodía, en presenza dos homes e das mulleres e de todos aqueles que eran capaces de pensar, e todo o pobo estaba atento á lectura do libro da Lei.

O escriba Esdras púxose en pé sobre unha tarima de madeira, preparada con esta ocasión. Esdras abriu o libro á vista de todo o pobo, pois sobresaía entre todos na asemblea, e cando o abriu, o pobo púxose en pé.

Entón Esdras bendiciu ó Señor, o gran Deus, e todo o pobo, levantando as mans, respondeu: "Amén, amén". Despois inclináronse e, prostrados no chan, adoraron o Señor.

Os levitas lían no libro da Lei de Deus, pronunciando claro, e interpreban o sentido, explicando o que lían.

Entón o gobernador Nehemías, o sacerdote e escriba Esdras, e os levitas que explicaban a Lei ó pobo, dixeron a toda a asemblea:

- Este día está consagrado ó Señor, o voso Deus; cesade no voso pranto, non choredes máis (pois todo o pobo choraba ó oír-las palabras da Lei).

E Nehemías engadiu:

- Ídevos, comedede boas talladas, bebede viños doces e levádelles tamén ós que non teñen nada preparado, pois este día está consagrado ó noso Señor; non andedes apenados, porque o gozo do Señor é a vosa forza.

4. Is 55, 10-11

A chuvia fecunda a terra

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA ISAÍAS

Di o Señor:

Como a chuvia e a neve baixan do ceo
e non volven aló sen enchoupa-la terra,
fecundala e facela brotar,
para que lle dea semente ó que sementou
e pan ó que come,
así tamén será a miña palabra que sae da miña boca:
non volverá a min en van,
senón que fará o que eu queira,
e conseguirá aquilo para o que a mandei.

Lecturas do Novo Testamento

1. 1 Cor 2, 1-5

Anunciándovo-lo misterio de Deus.

LECTURA DA PRIMEIRA CARTA DO APÓSTOLO SAN PAULO ÓS CORINTIOS

Irmáns:

Cando cheguei onda vós, non cheguei exhibindo elocuencia nin saber para anunciárvolo misterio de Deus. Nada pretendín saber entre vós fóra de Xesús Cristo; e Cristo crucificado.

E eu presenteime diante vosa con sensación de impotencia e tremendo de medo; e a miña palabra e maila miña predicación non se apoiaban en argumentos persuasivos e sabios, senón que constituían unha demostración do poder do Espírito: todo para que a vosa fe non se apoie na sabedoría dos homes, senón no poder de Deus.

2. 2 Tim 3, 14-17

Toda a Escritura está inspirada por Deus e é útil para ensinar

LECTURA DA SEGUNDA CARTA DO APÓSTOLO SAN PAULO A TIMOTEO

Benquerido irmán:

Ti mantente no que aprendiches e no que criches, e que non che esqueza quen cho aprendeu. Porque xa desde neno coñece-las letras santas, que son podentes para che ensina-lo camiño da salvación pola fe en Cristo Xesús.

Toda a Escritura está inspirada por Deus e é útil para ensinar, para corrixir, para emendar, para educar na xustiza.

Dese xeito, o home de Deus tórnase idóneo para calquera obra boa.

3. 2 Tim 4, 1-5

Fai obra de evanxelista, cumpre ben o teu servicio

LECTURA DA SEGUNDA CARTA DO APÓSTOLO SAN PAULO A TIMOTEO

Benquerido irmán:

Pídoche diante de Deus e de Cristo Xesús, que ha vir xulgar a vivos e mortos, pola súa vinda gloriosa e polo seu reinado: pregoa a palabra, insiste teimudamente corrixe, reprende, aconsella con moita paciencia e doutrina.

Porque virán tempos nos que non escoitarán a verdadeira doutrina, senón que, conforme os seus caprichos, amorean mestres que lles agarimen os oídos. Afastaranse de escoita-la verdade e extraviaranse polo terreo dos mitos.

Ti, en troques, mantente sobrio en todo, soporta o mal, fai obra de evanxelista, dedícate ben ó teu servicio.

4. Heb 4, 12-13

A palabra de Deus xulga os proxectos e os pensamentos

LECTURA DA CARTA ÓS HEBREOS

Irmáns:

A palabra de Deus é viva e dinámica, máis cortante ca unha espada de dobre fío e que penetra mesmo alí onde se diferencian a alma e o espírito, as xuntas e a médula.

Ela xulga os proxectos e os pensamentos. Non hai cousa que se lle esconda, todo está nu e penetrable ós seus ollos: a ela terémoslle que dar contas.

5. 1 Xn 1, 1-4

O que temos visto e oído, tamén volo anunciamos

LECTURA DAPRIMEIRA CARTA DE SAN XOÁN

Irmáns:

O que pasou desde o comezo,
o que temos oído,
o que teñen visto os nosos ollos,
o que contemplamos nós e palparon as nosas mans,
a saber, a Palabra que é a vida
(porque a vida manifestouse
é nós vímola e damos testemuño dela,
e anunciámosvola a vós: a vida eterna,
que estaba na intimidade do Pai
e que se nos amosou a nós):
iso que temos visto e oído
agora tamén volo anunciamos a vós,
para que tamén vós teñades parte connosco;
pois compartir connosco
é compartir co Pai e co seu Fillo Xesús Cristo.
Escribímosvos isto
para que a nosa alegría sexa ben cumprida.

Salmos responsoriais

1. Sal 18 (19), 8. 9. 10. 11

R/. (cf. Xn 6, 63c): As túas Palabras, Señor, son espírito e vida.

A lei do Señor é perfecta:

reconforta a alma;

a declaración do Señor é firme:

fai sabio ó inxenuo.

Os mandatos do Señor son rectos:

aledan o corazón;

o precepto do Señor é limpo:

ilumina os ollos.

A vontade do Señor é pura:
permanece por sempre;
as decisións do Señor son verdadeiras:
enteiramente xustas.

Son máis cobizables có ouro,
máis có metal precioso;
son máis doces có mel,
máis có zume da antera.

2. Sal 118, 9. 10. 11. 12
R/. (12b): Ensíname, Señor, a túa vontade.

¿Como atinará un mozo a manter puro o seu camiño?
Gardando as túas palabras.

Procúrote de todo corazón,
non me deixes desviar dos teus mandatos.

Resgardo no corazón os teus ditos,
para non pecar contra ti.

Bendito es ti, Señor:
ensíname a túa vontade.

3. Sal 147, 15-16. 17-18. 19-20
R/. (12): Glorifica ó Señor, Xerusalén

El mándalle á terra a súa mensaxe,
e a súa palabra corre lixeira.
El fai cae-la neve coma la,
e espalla xeadá coma cinsa.

Esparexe coma frangullas a sarabia,
e as augas xéanse de frío.
Manda a súa palabra e derrétense,
sopra co seu alento e as augas corren.

Anuncia a súa palabra a Xacob,
os seus estatutos e mandatos a Israel.
Non fixo así cos outros pobos,
non lles manifestou os seus mandatos.

Aleluias e versos antes do Evanxeo

1. Cf. Lc 4, 18
O Espírito do Señor está sobre min;
mandoume evanxeliza-los pobres.
2. Xn 6, 63c. 68c
As túas palabras, Señor, son espírito e vida;
ti tes palabras de vida eterna.
3. Cf. Feit 16, 14b
Abre, Señor, o noso corazón,
para que fagamos caso das palabras do teu Fillo.
4. A semente é a palabra de Deus, quen sementa é Cristo;
quen o encontra, durará eternamente.

Evanxeos

1. Mt 5, 14-19
Vós sóde-la luz do mundo.

LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

- Vós sóde-la luz do mundo. Non se pode agachar unha cidade afincada na cima dun monte. Tampouco se acende unha lámpada para poñela debaixo da artesa, senón sobre o candeeiro, para que alume a tódolos da casa.

Alume así a vosa luz ós homes, para que, vendo as vosas boas obras, glorifiquen a voso Pai que está no ceo.

Non pensedes que vin derroga-la Lei e os Profetas; non vin para derrogar, senón para dar cumprimento. Porque vos aseguro: mentres non pasen o ceo e maila terra non pasará nin unha letra nin un til da Lei ata que todo se cumpra.

E quen falte a un destes mandamentos máis pequeniños e así llelo ensine a facer ós outros, será declarado o máis pequeno no Reino dos Ceos; pero quen os cumpra e ensine, será declarado grande no Reino dos Ceos.

2. Mc 1, 35-39
E marchou e ía predicando nas sinagogas

LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Moi cedo, aínda de noite, Xesús ergueuse e saíu para un lugar arredado, onde se puxo a orar. Simón e mailos que estaban con el fórono seguindo, e cando o atoparon, dixéronlle:

- Todos te andan a buscar.

El respondeulles:

- Vaíamos a outro sitio, ás aldeas veciñas, para que tamén alí eu predique, pois para isto vin.

E marchou e ía predicando nas sinagogas por toda Galilea e botando fóra os demos.

3. Lc 4, 16-21

O Espírito do Señor está sobre min

LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Naquel tempo, chegou Xesús a Nazaret, onde se criara, e o sábado entrou, como estaba afeito, na sinagoga. Ergueuse para face-la lectura, e déronlle o libro do profeta Isaías. Abriuno e atopou unha pasaxe que dicía:

"O espírito do Señor está sobre min
porque El foi quen me unxiu
para proclamárlle-la Boa Nova ós pobres.
Mandoume para lles anuncia-la liberación ós secuestrados
e a vista ós cegos,
para lles dar liberdade ós asoballados,
e proclama-lo ano de gracia do Señor".

Pechando o libro, devolveullo ó encargado, e sentou. Tódolos ollos da sinagoga enteira estaban fixos nel.

Logo empezoulles a dicir:

- Hoxe cúmprese diante de vós esta pasaxe da Escritura.

4. Lc 24, 44-48

Mandou Xesús ós apóstolos predica-la penitencia para remisión dos pecados

LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

- A isto referíame eu cando, estando aínda convosco, vos dicía que conviña que se cumprise todo o que está escrito na Lei de Moisés, nos profetas e mais nos Salmos acerca de min.

E abriu os seus entendementos para que comprendesen as Escrituras. E engadiu:

- Así está escrito: O Mesías padecerá e resucitará de entre os mortos no terceiro día, e predicarase no seu nome a conversión e mailo perdón dos pecados a tódolos pobos, empezando por Xerusalén.

Vós seredes testemuñas de todo isto.

5. Xn 7, 14-18

A miña doutrina non é miña, senón de Aquel que me enviou.

LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Naqueles días, a iso da metade da festa, subiu Xesús ó templo e púxose a ensinar. Admirábanse entón os xudeus, dicindo:

- ¿Como é que este sabe todo o que sabe sen estudialo?

Respondeulles Xesús:

- A miña doutrina non é miña, senón de Aquel que me mandou. Se alguén quere face-la vontade de Deus, distinguirá se esta doutrina vén de Deus ou se é que eu falo pola miña conta.

Quen fala pola súa conta, busca a propia gloria; polo contrario, quen procura o prestixio de quen o mandou, ese é veraz e non hai inxustiza nel.

2. NA INSTITUCIÓN DE ACÓLITOS

Lecturas do Antigo Testamento

1. Xén 14, 18-20

Presentou pan e viño.

LECTURA DO LIBRO DA XÉNESE

Naqueles días, Melquisédec, rei de Salem, presentou pan e viño, pois era sacerdote do Deus Altísimo, e bendiciu a Abram con estas palabras:

- Bendito sexa Abram polo Deus Altísimo, que fixo ceo e terra. Bendito sexa o Deus Altísimo, que puxo os teus inimigos na túa man.

Abram deulle a Melquisédec o dezmo de todo.

2. Éx 16, 2-4. 12-15

Vou facer chover do ceo pan para vós

LECTURA DO LIBRO DO ÉXODO

Naqueles días, toda a comunidade dos israelitas murmuraba no deserto contra Moisés e Aharón; dicían:

- ¡Sequera morresemos pola man do Señor na terra de Exipto, sentados ó redor dos potes de carne e con pan a faltar! Trouxéstesnos a este deserto, para matar de fame a toda esta comunidade.

O Señor díxolle a Moisés:

- Vou facer chover do ceo pan para vós. O pobo sairá e collerá o que lle cumpra para o día. Quero poñelo a proba, para ver se anda ou non coa miña lei. Oín as murmuracións dos israelitas. Dilles isto: "Ó anoitecer teredes carne que comer e pola mañá pan a fartar; e saberedes que eu son o Señor, o voso Deus".

Ó serán, viñeron tantos paspallás que cubriron o campamento; pola mañá, nos arredores del, había unha capa de orballo. Cando esvaíu o orballo, apareceu no deserto unha capa miuda, coma de escamas, que semellaba xeadada sobre o chan.

Os israelitas, ó que o viron, preguntábanse uns ós outros:

- ¿Que é isto?

Pois non sabían o que era aquilo. Respondeulles Moisés:

- Este é o pan que o Señor vos dá para comer.

3. Éx 24, 3-8

Este é o sangue da alianza que o Señor fai convosco

LECTURA DO LIBRO DO ÉXODO

Naqueles días, Moisés veu e expúxolle ó pobo tódalas palabras e os mandatos do Señor; e o pobo a unha respondeu:

- Faremos todo o que dixo o Señor.

Moisés puxo por escrito tódalas palabras do Señor.

Ó día seguinte, Moisés ergueuse cedo, construíu un altar na aba da montaña e chantou doce estelas, polas doce tribos de Israel. Despois mandou a algúns mozos israelitas que ofrecesen holocaustos e sacrificios de comunión ó Señor. Moisés colleu a metade do sangue e botouna en recipientes, e a outra metade verteuna no altar. Despois colleu o libro da alianza e leullo en voz alta ó pobo. Este respondeu:

- Faremos todo o que dixo o Señor e obedeceremos.

Entón colleu Moisés o sangue e asperxiu o pobo con el, dicindo:

- Este é o sangue da alianza que o Señor fai convosco, conforme as palabras lidas.

4. Dt 8, 2-3. 14b-16a

Deuche de come-lo maná, que ti non coñecías nin teus pais

LECTURA DO LIBRO DO DEUTERONOMIO

Faloulle Moisés ó pobo e díxolle:

- Has de te lembrar do camiño que o Señor, teu Deus, te fixo percorrer polo deserto durante estes corenta anos para aflixirte e pórte a proba e sabe-lo que había nas túas intencións, se ti querías garda-los seus mandamentos ou non.

El aflixíute, facéndote pasar fame, e logo deuche de come-lo maná, que ti non coñecías nin teus pais, para che mostrar que o home non ha de vivir só de pan, senón de toda palabra que sae da boca do Señor.

Acordaraste do Señor, teu Deus, que te sacou do país de Exipto, da situación de escravitude e foi o teu guía por un deserto grande e terrible, entre serpes de mordedura

queimona e escorpións, a través dunha terra reseca, sen gota de auga; e que fixo saír para ti auga da máis dura das pedras e che deu a comer no deserto o maná, que teus pais non coñecían.

5. 1 Re 19, 4-8
Coa forza daquel sustento, andou ata o monte de Deus

LECTURA DO PRIMEIRO LIBRO DOS REIS

Naqueles días, Elías proseguíu polo deserto, un día de camiño, e cando se detivo, foi sentarse debaixo dunha xesta e pediu para si a morte, dicindo:

- Basta xa, Señor, quítame a vida, pois non son eu mellor cós meus pais.

Deitouse logo á sombra da xesta e adormeceu. De súpeto, un anxo tocouno e díxolle:

- Érguete e come.

Elías mirou e viu á súa cabeceira unha bica cocida no rescaldo e un xerro de auga. Comeu, bebeu e volveuse deitar. Pero o anxo do Señor tornou de segundas, tocouno e díxolle:

- Érguete e come, que che queda moito camiño.

6. Prov 9, 1-6
Comede do meu pan e bebede do viño que mesturei

LECTURA DO LIBRO DOS PROVERBIOS

A Sabedoría construíu a súa casa,
tallou as súas sete columnas;
sacrificou as súas vítimas, mesturou o seu viño
e preparou a súa mesa.

Despachou as súas criadas a anuncia-lo convite
polos altos da cidade:

"Quen sexa inxenuo, que se achegue a min".

E ós faltos de siso díxolles:

"Vinde, comede do meu pan
e bebede do viño que mesturei,
deixade a vosa inxenuidade e viviredes,
camiñade pola vía da intelixencia".

Lecturas do Novo Testamento

1. Feit 2, 42-47
Eran perseverantes na comunión, na fracción do pan.

LECTURA DO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Os discípulos eran perseverantes en escoita-la ensinanza dos apóstolos, na

comuñón da vida, no rito de partiren o pan e nas oracións.

Apoderouse de todos o respecto, pois os apóstolos facían moitas marabillas e sinais. Tódolos crentes vivían unidos e tiñan todo en común: vendían os seus bens e propiedades, e repartíanos entre eles, conforme as necesidades de cada un.

Todos a unha asistían diariamente ó templo, partían o pan nas casas, comendo con alegría e sinxeleza de corazón; loaban a Deus, e eran ben vistos por todo o pobo.

Cada día o Señor aumentaba o número dos salvos e xuntábaos ó grupo.

2. Feit 10, 34a. 37-43

Comemos e bebemos con el despois de resucitar de entre os mortos

LECTURA DO LIBRO DOS FEITOS DOS APÓSTOLOS

Tomou Pedro a palabra e dixo:

- Vós sabéde-lo que pasou en toda Xudea, comezando desde Galilea, despois do bautismo que Xoán predicou: como Deus unxiu con Espírito Santo e con poder a Xesús de Nazaret, que pasou facendo o ben e curando a tódolos que estaban asoballados por Satán; pois Deus estaba con el. E nós somos testemuñas de todo o que fixo no país dos xudeus e mais en Xerusalén.

Matárono, colgándoo dun madeiro. A este resucitouno Deus ó terceiro día e concedeuille que se deixase ver, non de todo o pobo, senón das testemuñas escollidas de antemán por Deus: nós, que comemos e bebemos con el, logo de que resucitou de entre os mortos.

E mandounos que predicasemos ó pobo e atestemos que el é quen foi constituído por Deus xuíz de vivos e de mortos. El é de quen tódolos profetas dan este testemuño: tódolos que crean nel recibirán polo seu nome o perdón dos pecados.

3. 1 Cor 10, 16-17

Sendo moitos, formamos un único pan, un único corpo

LECTURA DA PRIMEIRA CARTA DO APÓSTOLO SAN PAULO ÓS CORINTIOS

Irmáns:

A copa da bendición que bendicimos, ¿non é unha comuñón co sangue de Cristo?

O pan que partimos, ¿non é unha comuñón co corpo de Cristo?

E como hai un único pan, tamén nós, sendo moitos, formamos un único corpo, porque todos participamos dese único pan.

4. 1 Cor 11, 23-26

Cada vez que comedes este pan e bebedes deste cáliz, anunciáde-la morte do Señor

LECTURA DA PRIMEIRA CARTA DO APÓSTOLO SAN PAULO ÓS CORINTIOS

Irmáns:

Eu recibín do Señor, e transmitinvos tamén a vós, que o Señor Xesús, na noite en que o entregaron, colleu pan e, despois de dar gracias, partiuno e dixo:

"Isto é o meu corpo, que se entrega por vós; facede isto en lembranza miña". Do mesmo xeito, despois de cear, tomou a copa dicindo:

"Esta copa é a Nova Alianza, no meu sangue; cada vez que bebedes, facédeo en lembranza miña".

Polo tanto, cada vez que comedes este pan e bebedes desta copa, anunciáde-la morte do Señor, ata que El volte.

5. Heb 9, 11-15
O sangue de Cristo purificará a nosa conciencia

LECTURA DA CARTA ÓS HEBREOS

Irmáns:

Ó presentarse Cristo como sumo sacerdote dos auténticos bens, entrando a través dunha tenda-santuario maior e máis perfecta, non de feitío humano, isto é, non deste mundo, e ofrendando o seu propio sangue, non o sangue de carneiros ou de becerros, entrou dunha vez para sempre no santuario e, deste xeito, conseguiu unha redención definitiva.

Porque se o sangue de carneiros e de touros e a aspersion da cinsa dunha xovenca consagra ós impuros, dándolles unha pureza corporal, moito máis o sangue de Cristo (que movido polo Espírito que animou toda a súa vida, se ofreceu a si mesmo a Deus, como vítima sen mancha) limpará a vosa conciencia das obras de morte, para así servir ó Deus vivo.

Por iso é mediador dunha nova alianza, pois morreu para redimir dos pecados cometidos baixo a primeira alianza, a fin de que os chamados á herdanza eterna poidan recibilo cumprimento desta promesa.

Salmos responsoriais

1. Sal 22, 1-3a. 3b-4. 5. 6
R/. (1): O Señor é o meu pastor: nada me falta.

O Señor é o meu pastor, nada me falta:
En pastos verdecentes faime repousar.
El lévame a beber en augas tranquilas
e repón as miñas forzas;
guíame por vereas rectas,
por mor do seu nome.

Se tiver de pasar por valgadas sombrizas,
ningún mal temería, pois ti vas comigo:
o teu bastón e o teu caxato son o meu sosego.

Ti pos para min a mesa,

á cara dos meus inimigos;
 únxesme con perfume a cabeza,
 e a miña copa reborda.

O teu benquerer e a túa misericordia vanme seguindo
 tódolos días da miña vida.
 Eu habitarei na casa do Señor
 por días prolongados sen fin.

2. Sal 33, 2-3. 4-5. 6-7. 8-9. 10-11
 R/. (9a): Gustade e vede qué bo é o Señor.

Bendigo o Señor en todo instante,
 teño sempre na boca a súa loanza.
 Eu glorióme no Señor:
 que escoiten os humildes e se alegren.

Exaltade comigo o Señor,
 loemos xuntos o seu nome.
 Eu busquei o Señor, El respondeume,
 libroume de tódolos temores.

Este pobre clamou, e o Señor escoitouno,
 librouno de tódolos apuros.
 O anxo do Señor acampa entre os seus fieis
 e dálles seguridade.

Probade e vede o bo que é o Señor:
 feliz quen a El se acolle.
 Temede ó Señor os seus santos,
 pois nada lles falta ós que o temen.
 Os ricos empobrecen e pasan fame,
 pero ós que buscan o Señor ningún ben lles faltará.

3. Sal 77, 3 e 4bc. 23-24. 25. 54
 R/. (24b): O Señor deulles pan do ceo.

O que oímos e sabemos,
 o que os pais nos contaron,
 non llelo podemos calar a seus fillos;
 témolo que contar ás xeracións vindeiras:
 as glorias do Señor, o seu poder,
 e os milagres que fixo.

Ordenou logo ás nubes desde arriba,

abriu as portas do ceo,
e fixo chover maná para comeren;
deulles trigo do ceo.

Comeu o home pan dos fortes,
deulles sustento a fartar.

Levounos á súa terra santa,
ó monte que adquirira coa súa dereita.

4. Sal 109, 1. 2. 3. 4

R/. (4b): Ti es sacerdote para sempre, conforme ó rito de Melquisédec.

Palabra do Señor ó meu Señor:
Senta á miña dereita,
mentres poño os teus inimigos
por estrado dos teus pés.

O Señor estenderá desde Sión
o cetro do poder:
domina nos teus inimigos.

Ti es príncipe desde o día do teu nacemento,
tes aura sagrada desde o seo;
xereite coma orballo antes da aurora.

O Señor xurouno, e non se arrepiñe:
Ti es sacerdote para sempre
conforme ó rito de Melquisédec.

5. Sal 115, 12-13. 15 e 16bc. 17-18

R/. (13): Alzarei a copa da salvación, invocando o nome do Señor.

¿Con que lle pagarei ó Señor
todo o ben que me fixo?
Alzarei a copa da salvación,
invocando o nome do Señor.

É preciosa ós ollos do Señor
a morte dos seus amigos.
Señor, eu son o teu servo,
servo teu e fillo da túa serva:
¡ti rompíche-las miñas cadeas!

Ofrecereiche un sacrificio de loanza,

invocando o nome do Señor.
 Cumprerei os meus votos ó Señor,
 á vista de todo o seu pobo.

6. Sal 144, 10-11. 15-16. 17-18
 R/. (cf. 16): Abres ti a túa man e dasnos fartura.

Que te loen, Señor, as túas obras,
 e te bendigan os teus amigos.
 Que pregoen a gloria do teu reino,
 e falen do teu poder.

Os ollos de todos están postos en ti,
 e dáslle-lo sustento ó seu tempo.
 Abres ti a túa man,
 e dáslle fartura a todo ser vivo.

O Señor é xusto en tódolos seus camiños,
 e santo en tódalas súas obras.
 O Señor está cerca dos que o chaman,
 dos que o chaman con sinceridade.

7. Sal 147, 12-13. 14-15. 19-20
 R/. (Xn 6, 5): Quen coma este pan, vivirá para sempre.

Glorifica o Señor, Xerusalén,
 loa, Sión, o teu Deus,
 que reforza os ferrollos das túas portas,
 e bendí os teus fillos no teu seo.

El establece paz nos teus confíns,
 é el quen te farta con flor de trigo.
 El mándalle á terra a súa mensaxe,
 e a súa palabra corre lixeira.

Anuncia a súa palabra a Xacob,
 os seus estatutos e mandatos a Israel.
 Non fixo así cos outros pobos,
 non lles manifestou os seus mandatos.

Aleluias e versos antes do Evanxeo

1. Xn 6, 35

Eu son o pan da vida: quen vén onda min non pasará fame e quen cre en min, endexamais terá sede, di o Señor.

2. Xn 6, 51
Eu son o pan vivo que baixou do ceo, di o Señor;
se alguén come deste pan, vivirá para sempre.
3. Xn 6, 56
Quen come a miña carne e bebe o meu sangue,
permanece en min e eu nel, di o Señor.
4. Xn 6, 57
Así como o Pai, que me mandou, vive e eu vivo polo Pai,
así tamén quen me coma vivirá por min, di o Señor.

Evanxeos

1. Mc 14, 12-16. 22-26
Isto é o meu corpo. Isto é o meu sangue

LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

No primeiro día da festa dos Ácidos, cando se sacrificaba o año pascual, preguntáronlle a Xesús os seus discípulos:

- ¿Onde queres que vaíamos preparar, para comére-la Cea Pascual?

El mandou dous discípulos, dicíndolles:

- Ide á cidade, e havos saír ó paso un home cunha sella de auga; seguídeo, e onde entre, dicídelle ó dono da casa: "O Mestre di: ¿Onde está a miña sala, na que vou come-la Pascua cos meus discípulos?". El havos mostrar no sobrado unha grande sala, xa disposta e arraxada. Preparade alí para nós.

Marcharon os discípulos e chegaron a cidade. Atoparon todo como llelo el dixera e prepararon a Pascua.

Mentres estaban a comer, Xesús colleu pan, rezou a bendición, partiuno e déullelo, dicindo:

- Tomade, isto é o meu corpo.

Despois colleu un cáliz, deu gracias, pasóullelo, e todos beberon del. E díxolles:

- Isto é o meu sangue da Alianza, que se vai verter por moitos. Dígovolo de verdade: Xa non vou beber do produto da viña ata o día aquel en que o hei beber novo no Reino de Deus.

Despois de cantaren os Salmos, saíron para o Monte das Oliveiras.

2. Lc 9, 11b-17
Comeron todos a fartar

LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Naquel tempo, Xesús faláballe á xente do Reino de Deus e curaba a cantos o necesitaban. E como empezaba a cae-lo día, achegáronse os Doce e dixéronlle:

- Despide a xente, para que vaian ás vilas e aldeas próximas en procura de sitio para se hospedaren e para que poidan tamén comprar algo que levar á boca, porque aquí estamos nun descampado.

Pero el replicoulles:

- Dádellelles vós de comer.

Eles contestaron:

- Pero ¿se non temos máis ca cinco bolos de pan e mais dous peixes! A non ser que vaiamos nós mercar mantenza para toda esta xente. Eran uns cinco mil homes. Mais el díxolles ós seus discípulos:

- Colocádeos en grupos de cincuenta.

Dixéronllo, e sentaron todos. El colleu os cinco bolos e mailos dous peixes, ergueu a vista ó ceo, bendiciunos, partiunos e déullos ós discípulos, para que llelos servisen á xente.

Comeron todos a fartar, e coas sobras encheron aínda doce cestas.

3. Lc 24, 13-35

Recoñecéron na fracción do pan

LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO LUCAS

Naquel día, dous dos discípulos de Xesús ían camiño de Emaús, unha aldea que está a uns dez quilómetros de Xerusalén.

Ían falando de canto pasara. E resulta que mentres parolaban e discutían, Xesús en persoa, achegouse e camiñaba canda eles. Pero os seus ollos estaban incapacitados para o recoñecer. Entón preguntoulles:

- ¿De que ides falando polo camiño?

Eles pararon cun semblante moi tristeiro, e Cleofás, un deles, respondeulle:

- ¿Seica es ti o único forasteiro en Xerusalén, que non sabe nada do que pasou alí durante estes días?

El preguntou:

-¿De que, logo?

Eles contestaron:

- Do asunto de Xesús o Nazareno, que foi un profeta poderoso en obras e palabras, ante Deus e ante o pobo todo; de como os nosos sumos sacerdotes e demais xefes o condenaron á morte e o crucificaron.

Nós esperabamos que el fose quen liberase a Israel; pero xa van alá tres días desde que pasaron estas cousas. Claro que algunhas mulleres das nosas déronnos un susto, porque foron ó risca-lo día ó sepulcro e, ó non atoparen o corpo, volveron falando dunha visión de anxos, que lles aseguraron que el vive.

E algúns dos nosos aló foron ó sepulcro, atopando todo como as mulleres dixeran; pero a el non o viron.

Entón díxolles:

- ¡Que parvos e lentos sodes para crer todo o que anunciaron os profetas! E logo ¿non cumpría que o Cristo padecese todo isto, antes de entrar na súa gloria?

E comezando por Moisés e tódolos profetas, foilles interpretando o que as Escrituras falaban del.

Ó entraren na aldea onde ían, fixo coma quen quería seguir para adiante. Pero eles porfiáronlle, dicindo:

- Queda connosco, porque se fai tarde, e a noite bótase enriba.

Quedou con eles. E mentres estaban na mesa, colleu o pan, bendiciuno e partiuno e déullelo.

Entón abríronselle-los ollos e recoñecérono; pero el desapareceu.

E dixeron:

- ¿Non ardía o noso corazón cando nos falaba polo camiño, interpretándono-las Escrituras?

E levantándose axiña, volveron a Xerusalén. Alí atoparon ós Once reunidos cos seus acompañantes, que dicían:

- É certo, o Señor resucitou e aparecéuselle a Simón.

Eles tamén contaron o que lles pasara polo camiño, e como o recoñeceran no parti-lo pan.

4. Xn 6, 1-15

Repartiu ós sentados canto quixeran

LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Naquel tempo, foi Xesús á outra banda do Mar de Galilea (o de Tiberíades). Seguía unha chea de xente, porque viran os sinais que facía nos enfermos. Subiu Xesús ó monte e sentou alí cos seus discípulos.

Estaba a chega-la Pascua, a festa dos xudeus. Levantou a vista Xesús e, vendo vir tanta xente cara a el, díxolle a Filipe:

- ¿Onde imos mercar pan, para que coma esta xente? (isto dicíao para tentealo, que el ben sabía xa o que ía facer).

Respondeulle Filipe:

- Nin medio ano de xornal chega para que cada un deles reciba un codelo.

Un dos seus discípulos, Andrés, o irmán de Simón Pedro, díxolle:

- Hai aquí un rapaz que ten cinco bolos de pan de cebada e dous peixes. Pero, ¿que é iso para tantos?

Xesús ordenou:

- Facede senta-la xente.

Había moita herba naquel sitio. E sentaron como uns cinco mil homes.

Entón colleu Xesús os pans e, dando gracias, repartiu ós sentados canto quixeron; e o mesmo fixo cos peixes.

Cando se fartaron, díxolles ós seus discípulos:

- Recolde os anacos sobrantes, para que non se estrague nada.

Entón xuntáronos e encheron doce cestas cos anacos dos cinco bolos de pan de cebada, que lles sobraron ós que comeran.

Ó veren aqueles homes o sinal que fixera, dicían:

- "Este si que é o profeta que había de vir ó mundo".

Entón Xesús, decatándose de que o ían vir coller para proclama-lo rei, retirouse só outra vez ó monte.

5. Xn 6, 24-35

Quen vén onda min, non pasará fame e quen cre en min, endexamais terá máis sede

LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Naquel día, en vendo a xente que Xesús non estaba alí, nin tampouco os seus discípulos, montaron nos botes e chegaron a Cafarnaúm buscando a Xesús. Atopárono na outra banda do mar e dixéronlle:

- Rabbí ¿cando chegaches aquí?

Xesús contestoulles:

- Con toda verdade volo aseguro: buscádesme non porque vistes sinais, senón porque comestes pan ata vos fartar. Traballade non polo pan que se acaba, senón polo que dura deica a vida eterna, o que vos dará o Fillo do Home: pois el é a quen o Pai Deus marcou co seu selo.

Eles preguntáronlle:

- ¿Que temos que facer para realiza-las obras de Deus?

Respondeu Xesús:

- Esta é a obra de Deus: que creades naquel que El mandou.

Replicáronlle:

- ¿Que sinal fas, para que véndoo creamos en ti? ¿Que podes facer? Os nosos pais comeron o maná no deserto, conforme está escrito: "deulles a comer pan do ceo".

Entón díxolles Xesús:

- Con toda verdade volo aseguro: non foi Moisés quen vos deu o pan do ceo; meu Pai é quen vos dá o verdadeiro pan do ceo: pois o pan de Deus é o que baixa do ceo e dá vida ó mundo.

Dixéronlle entón:

- Señor, dános sempre dese pan.

Xesús respondeulles:

- Eu son o pan da vida: quen vén onda min, non pasará fame e quen cre en min, endexamais terá sede.

6. Xn 6, 41-51

Eu son o pan vivo que baixou do ceo

LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Naquel tempo, os xudeus comezaron a murmurar de Xesús, porque dixera "Eu son o pan que baixou do ceo", e dicían:

- ¿Non é este Xesús, o fillo de Xosé? ¿Non lle coñecemos-lo pai e maila nai? ¿Como di, logo "Eu baixei do ceo"?

Xesús respondeulles:

- Non esteades aí a murmurar. Ninguén pode vir onda min, se non o trae o Pai que me mandou e eu resucitareino no derradeiro día.

Está escrito nos profetas: "todos serán ensinados por Deus": todo aquel que escoita ó Pai e aprende, vén onda min.

Non porque alguén vise ó Pai; o único que viu ó Pai é o que estaba onda Deus; Con toda verdade volo aseguro: quen cre, ten vida eterna.

Eu son o pan da vida. Os vosos pais comeron o maná no deserto, pero morreron. Este é o pan que baixa do ceo, para que quen coma del non morra.

Eu son o pan vivo que baixou do ceo: se alguén come deste pan, vivirá para sempre; e o pan que eu darei, é a miña carne, para a vida do mundo.

7. Xn 6, 51-59

A miña carne é verdadeira comida, e o meu sangue é verdadeira bebida

LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Naquel tempo, díxolles Xesús ós xudeus:

- Eu son o pan vivo que baixou do ceo: se alguén come deste pan, vivirá para sempre; e o pan que eu darei é a miña carne, para a vida do mundo.

Discutían entón entre eles os xudeus:

- ¿Como pode este darnos a come-la súa carne?

Díxolles entón Xesús:

- Con toda verdade volo aseguro: se non coméde-la carne do Fillo do Home e non bebéde-lo seu sangue, non teredes vida en vós. Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, ten vida eterna e eu resucitareino no derradeiro día. Pois a miña carne é verdadeira comida e o meu sangue é verdadeira bebida. Quen come a miña carne e bebe o meu sangue, permanece en min e eu nel.

Do mesmo xeito que o Pai que me mandou vive e eu vivo polo Pai, así tamén quen me coma vivirá por min.

Este é o pan que baixou do ceo; non semellante ó que comeron os Pais, que mesmo así morreron: quen come este pan, vivirá para sempre.

Dixo estas cousas ensinando na sinagoga, en Cafarnaúm.

8. Xn 21, 1-14

Xesús tomou o pan e déullelo

LECTURA DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Naqueles días, aparecéuselles outra vez Xesús ós seus discípulos onda o lago de Tiberíades. Foi deste xeito: estaban xuntos Simón Pedro, Tomé o chamado Xemelgo, Natanael o de Caná de Galilea, os do Zebedeo, e mais outros dous discípulos seus.

Simón Pedro díxolles:

- Vou pescar.

Eles contestaron:

- Imos tamén nós contigo.

Saíron, e subiron a bordo. Pero aquela noite non colleron nada. Xusto cando acababa de romper-lo día, presentouse Xesús na ribeira do lago. Pero non se decataron os discípulos de que era Xesús. Xesús preguntoulles:

- Rapaces, ¿tedes algo que comer?

Eles responderon:

- Non.

Díxolles entón:

- Largade o aparello por estribor e atoparedes.

Eles largárono, e xa non podían halalo a bordo, de tanto peixe.

Entón, aquel discípulo a quen amaba Xesús díxolle a Pedro:

- É o Señor.

E Simón Pedro, ó escoitar que era o Señor, cinguiu o vestido -pois estaba espido- e botouse ó mar. Os outros discípulos chegaron no bote -porque non estaban lonxe de terra, senón a menos de cen metros -remolcando o aparello cos peixes.

Cando vararon en terra, viron que había unhas brasas cun peixe enriba, e mais pan.

Xesús díxolles:

- Traede peixes dos que acabades de coller.

Simón Pedro subiu ó bote e arrastrou para terra o aparello cheo de cento cincuenta e tres peixes grandes; e, con seren tantos, non rachou o aparello.

Xesús díxolles:

- Vide comer.

Ningún dos seus discípulos se atrevía a preguntarlle "ti quen es", sabedores de que era o Señor. Foi Xesús, colleu o pan e déullelo, e igualmente o peixe.

Esta foi a terceira vez que Xesús se manifestou ós seus discípulos resucitado de entre os mortos.